

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VII — NÚMERO 183 — 15 ABRIL 1923

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

A do irmán Lesta Meis

Como xá dixéramos no derradeiro número, o 23 do pasado pronunciou unha conferencia, a quinta da serie organizada, o noso querido irmán e culto escritor D. Xosé Lesta Meis. A súa conferencia foi acerca do tema "Da nosa psicloxía". Presentou ao conferenciante o noso tamén querido irmán D. Manuel Lugo Freire.

Despois das elocuentes verbas por Lugo pronunciadas acerca da personalidade de Lesta Meis, deu éste lectura á súa conferencia, que foi moi gabada e apraudida e que dí así:

Da nosa psicloxía

Invitado pol-o presidente da Sección de Cultura, d'esta "Irmandade", o meu amigo Leandro Carré, que tanto sabe das nosas cousas e do amor a nosa Terra, veño a dar esta conferencia. Por razóns que a él lle expuxen e que moitos de vos sabedes, non quería acetal-o compromiso, anque o meu desexo era moito. Pero a forza de pensalo e de querer compracer o amigo, venceron en min toda consideración de resistencia, e aquí estou. Antes de pasar adiante heibos dicir que esta conferencia que vos estou lendo, tuvo que ser escrita n-unhas condicións pouco axeitadas para esta cras de traballos. Tuvo que ser escrita c'un ollo posto no papel e outro no xefe da oficina: co pensamento en dous sitios ao mesmo tempo: unhas veces, no que estaba facendo; outras veces, no que me iban a dicir. D'esta maneira pouco se pode alcanzar en calquera cousa que se faga. E moito menos n-estas, que eixen do pensamento unha atención das máis grandes.

Non coidedes que vos pida perdón por atreverme a tanto, anque coñoza que os meus méritos sean cativos. Non. Eu penso, que unha das cousas que primeiro temos que matar os galegos, é a modestia. A modestia, en forza de tanto alabala e de tanto sibil-os seus dóns, acabou por ser como unha lousa aprastante de todol-os xermolos de renacemento e de masculinidade nos homes. Eu xa fai tempo que me río dos seus influxos, sin deixar por eso, de ver que na vida hai moita diferenza de home a home. Pero que si esa diferenza pode ser i-é grande cando se trata de cousas da especialidade de cada un, vólvese cativa, e moitas veces aínda non se ve, cando son cousas xenerales que non percisan, para baraxalas e dispoñelas debidamente, mais que un bon sentido ouservador e cachazudo; que teña, ademais, moito amor á verdade, para dicir todo aquilo que debe dicir, sempre con toda cras de respetos, pero sin mirar a que pode disgustar a us ou a outros. E xa n-este punto, e dispostas as cousas d'este xeito, non hai por qué se fiar no que un é, senón, tuncamente, no que un diga.

Despois de pensalo moito, despúxeme a escribir esta conferencia sobre da nosa psicloxía, porque entendo que o primeiro que compre ver e estudar, é a nós mesmos, xa que de nós han de vir, si veñen algún día, as novas formas da grandeza da nosa Terra. Ademais, véndonos por dentro e reconecndonos como somos, cas nosas virtudes e cos nosos defectos, e como millor poderemos correxirnos

e facernos bós, si verdadeiramente queremos facer algo dino dos nosos amores a Galicia. No que diga aquí ninguén pode ver molestias para él; pois si algunha vez lle parecera verse retratado, é porque un mesmo defeuto ou vicio pode crasificar a moitos homes. Pero teño que dicir que eu, ao facer este escrito, non pensei n-unha persona determinada, que non tería valor ningún para unha xeneralidade, senón en todol-os galegos. Claro que algunha vez me hei de referir a algún en particular. Pero si fago eso ha de ser, solamente, para un caso concreto e nada mais que como un caso concreto que amostre o que eu vaya decindo. E abonda xa d'espriaciós.

Os galegos, individualmente, somos bós e temos autitudes para todo na vida. Somos intelixentes, somos precavidos, somos honrados; temos ecuanimidade e somos dóns d'unha forza de resistencia para as contrariedades, que nos fai invencibles. Pero non temos espírito de coletividade. Tal vez sea pol-a mesma riqueza de calidás que nos fai ser bastantes a nós mesmos. Eu coído que sea por eso. Por lei de vida, os seres que non poden bastarse a si mesmos, son os mellores para vivir en coletividade, porque o seu instinto les fai comprender que solos perecerían. Individualmente, pois, somos homes, no sentido mais amprio e mais nobre da palabra. Pero colectivamente somos pandilla. Non somos sociabres; non temos coesión espiritual. Anque pareza que estamos todos d'acordo n-unha cousa, n-un fin, non é verdá. Pois en canto tropezamos con unha pequena dificultade que lastime o noso amor propio, votamos a andar, us por un lado e outros por outro, sin facer caso a nada nin a ninguén. Ou deixamos todo, ou acabamos con todo. Para nós non eixisten partes. Esto demostranos que non temos ideal; que non temos mais que un amor propio ou un capricho; que estamos cos demais por comenencia, e das de mais mala lei. Non é comenencia ideal, porque a comenencia ideal sacrifícase sempre e sofre as inxusticias por salv-a idea.

Si se trata de facer unha cousa e os que a fan non contan con nós, por olvido, por falta de tempo ou porque coidaban que xa debíamos darnos por invitados, salímonos-lles o camiño con todol-os atrancos que lles poidamos poñer para que fracasen. Con tal de hundilos apelamos a todo. Falamos mal d'eles, dos que estean con eles, dos que lles fagan caso e aínda dos que non nos axuden a desprestixialos. Si temos un amigo e o vemos falar con un que non está en boas relacións con nós, xa desconfiamos do amigo, xa nos poñemos en guardia con él, xa non nos gusta. Isto fai que solo poidamos estar cos incondicionales, donde sempre hai ambiente de disimulo e de adulación. Isto fai que nos dividamos en pequenos grupos, e que cada grupo viva solo a veira dos seus. Isto fainos maniquís a us d'outros. Isto fai que nadie sepa andar solo pol-os seus pes, ou que si sabe andar non s'atreva. Isto fai que todos vivamos n-un ambiente envenenado de pequeneces e personalismos. Isto no nos deixa ser homes.

Non pensamos alto nin falamos en alta voz n-aquello que solo en alta voz debe ser tratado. Andamos sempre con "cus-cus-cus" aos oídos us d'outros. E cando levamos unha cousa a pública discusión, xa temos tomado partido n-ela, e vamos a defendela, a impoñela. Non levámol-o á nemo desposto a escoitar e reflexionar o que nos digan, anque sea o mais acertado. Cando vamos, vamos xa despostos a

trunfar, de calquera maneira que sea, ou a reñir. Para eso levamol-os *nosos*, os da pandilla, preparados para decir amén a todo canto falemos ou fagamos. Este é o camiño que xeneralmente toman total-as cousas entre nós. Esta é a razón por qué dixen antes, que, individualmente, somos homes civilizados; pero que colectivamente somos pandilla. O espírito de tribu pode mais en nós que o de colectividade. E certo que n-outros sitios, fora da nosa Terra, fixemos cousas que non poderíamos facer nunca, se non houbera nos que as fixeron espírito de colectividade. Pero hai que ter en conta que ese milagro foi pol-os axentes exteriores de que nos vimos rodeados, que nos obrigaron a xuntarnos para defendernos do peligro común inmediato. E isto é tan certo, que na medida que van desaparecendo estos axentes exteriores, este peligro común que nos xuntou e nos fixo fortes, van xurdirndo, tamén, entre nós, entr'os nosos irmans, maiores diferencias cada día, que os separan mais cada vez. Isto ben o sabe quen estea ao tanto das nosas cousas, d'estas nosas cousas de que vos falo. Tamén se xuntaban os nosos labregos para acabar con abusos do señorío, cando eran moitos e noxentos; cando xa non podían con eles. Pero en canto desaparecían estos abusos, pol-o momento nada mais, e os nosos labregos coidaban que xa non volvían, desfacían a xuntanza, por unhas cousas ou por outras; e d'este xeito, un mal que poideron acabar d'unha vez n-aqueles séculos, aínda lles dura hoxe, cas modificacións do tempo que corremos. De modo que non se pode poñer como exemplo contrario do que eu digo sobre da noso psicoloxía, o que fixemos n-algús pobos da América.

Somos demasiado suspicaces us para outros. Todos nos chamamos amigos e nos damos a man; pero mirámonos de reollo. O primeiro que pensamos é que os demais levan sempre no peito algo gardado contra de nós. Non pensamos xenerosamente us d'outros. No nos damos ese adianto de confianza que é indispensable nos homes para que se entendan e poidan entregarse ao desenrolo d'unha idea. Temos sempre enriba de nós unha sospecha, que facemos verdade no intre, que aquel contra o que a levamos pase pol-o noso lado sin decirnos adiós, porque non nos veu, ou sin facernos o agarimo que sempre nos facía, porque levaba unha cousa roéndolle o pensamento. Fulano ten talento e é bó home mentras está con nós, e aproba canto propoñamos; pero si un día se permite dal-o seu parecer honradamente contr'ó noso, xa nos poñemos en guardia contra d'él. Xa decimos para os nosos adentros que se pasou para outra banda. Non sabemos conciliar a liberdade do pensamento coa fidelidade de amigos. Sempre que un varca no seu modo de pensar, no-ñe concedemos que sea porque honradamente o entenda así, senón porque *busca algo*.

Todo isto nace de que non sabemos mais que falarnos ao oído en vez de falar como deben falar os homes, en voz alta e donde todos poidan oír e xusgar. Andamos con aire misterioso para todo. E cando sale un fora d'este noxento costume e dí o seu parecer, sin pensar mais que en acertar a decil-a verdade revolvémonos contra d'él como cas contra do alleo. E unha de dúas: ou claudica ou no-ñe deixamos unha hora en paz.

Eu sei d'un a quen lle ocorreu este caso, que retrata todo o que levo dito: Un día encontrouse c'un amigo, escritor galeguista de sona. Falaron, como sempre, das cousas do día. O escritor doulle unha folla, un manifesto, mellor dito, donde se falaba dos problemas galegos e dos nosos poetas. Gardouno o home do conto, e en chegando a sua casa leuno. No ñe gustou o que se decía alí dos nosos poetas, "dend'os *precursores* até os seus herdeiros autuaes". Aos poucos días encontrou ao amigo que lle dera o manifesto e díxolle:—"Esto é seu".—"Non", contestoulle o amigo. "Eu non fixen eso. E ben-o ve vostede que non

está firmado por mín". Pero esto non convenceu ao home de quen falo. Este home conoce ben o estilo do escritor que lle dera o manifesto. E o manifesto estaba feito no estilo d'este escritor. Claro que, así e todo, podía non ser d'él. Pero ó noso home pareceulle que sí; e disgustándolle moito que semexante cousa fixera contra dos nosos poetas, "dend'os *precursores* até os seus herdeiros autuaes", protestou contra d'eso n-un boletín. Protestou con toda a cras de respetos para o escritor galeguista que lle dera o manifesto; facendo costar, ademais, que o dito escritor lle dixera que o manifesto non era d'él. Pero decrando, pol-a sua conta, baixo a sua responsabilidade, que o manifesto lle parecía obra do escritor galeguista. Me parece que unha protesta, si ha de ter algunha efectividade, si ha de ter un pouco de corazón, como deben ter total-as protestas ou deixan de ser protestas, non se pode facer con mais consideracións para a persona a quen se refira. Pol-o menos eu non sei facela.

Pois cando chegou o boletín donde o home d'este conto protestaba contra de que se maltratase aos nosos poetas. que o mundo admira, e nós debemos adorar, e daba a entender que o autor era o escritor galeguista a quen aludido, houbo os seus mais e os seus menos. O escritor galeguista foi a buscar o que fixera o artigo no boletín, e amostrándolle un exemplar eisixíalle unha reutificación, con testigos e todo. E se non, que se ativese as consecuencias. Habiades de ver como o que escribira o artículo falando do manifesto e do escritor galeguista, que era amigo, s'alcontraba n-un verdadeiro conflito de orde moral. El non fixera o artigo coa mala intención que o escritor galeguista vía n-él, e sorprendeulle aquel poñerse en pe de home trágico. Porque cando se fan as cousas co desexo ou co temor, ou solamente ca sospecha de que cheguen a eso, o que as fai xa o espera e está disposto a parala e golpe. Pero o autor do artigo fixéro sin soñar siquera que podía dar pretesto a quen aludeu n-él, que era seu amigo, ademais, para que adoitase unha atitude heroica. E aquí tiñades o bó do noso home pensando que tiña que se batir con outro a quen non quería mal, nin sentía contra d'él carraxe ningunha. Ademais, e fixarse ben n-esto, ó articulista eisixíasse unha reutificación d'un aserto que non fixera. O articulista limitouse a espoñer o seu parecer, libremente, eso sí; pero facendo costar, ao mesmo tempo, que o escritor a quen envolvía nas sospechas lle dixera, mais d'unha vez, que él non fora o que escribira o manifesto. E aínda decía mais o articulista: aínda decía que anque o manifesto tiña tantas trazas de ser do escritor galeguista, tantas veces aludido n-este conto, podía non ser d'él. ¿Creedes que n-estas condicións se lle pode pedir, eisixir, mellor dito, a ningún unha reutificación? Non é posible, porque falta o fundamento: falta unha afirmación. Sin afirmación non pode haber reutificación. Tiña que ser n-un ambiente como o noso, tiña que ser n-unha vida comineira como a que nós facemos, para que se dese este caso. Este feito, considerado isoladamente, non tería nada de particular. Pode ocurrir en calquera outro sitio. Pero entr'as nosas cousas, ten un valor demostrativo das nosas características moi grande.

A min non me parecería mal que o escritor galeguista se doese de se ver envolto nas sospechas do autor do artículo. Pero non era para poñerse así nin para vir con semexantes pretensións. Moito mais sendo amigos como eran, e costándolle o escritor que o que fixera o artículo estaba arredado de todol-os sitios de marmulación literarias e galeguistas. Pero non; como se foran enemigos de sempre e estiveran buscando unha ocasión para se ir as maus, foise a él a eisixirle unha reutificación. De modo que, según a maneira de obrar d'este home, non se pode falar de ningún, anque sea en suposto, e con toda a cras de nobreza

e de respetos, deixando, ademais, caer sobre d'un a responsabilidade do que dí. ¡Estaríamos aviados si así fose! Non habería medio de poder dar un paso cada un pol-o seu pé. ¿Creedes que esto poidera suceder n-outro sitio, nin aquí mesmo si tuvéramos outra maneira mais leal de nos conducir? ¿Creedes que si fose o noso un costume de falar abertamente das nosas cousas poderían suceder feitos como este? Eu creo que non. Sendo mais sociabres habería entre nós outra maneira mais cordial, mais suave, mais amistosa de tratarnos. Non se verían estas arroutadas. Non daríamos estos eixemplos de tosquidade espiritual. As nosas relacións, habían de ser mais tempradas, mais agarimosas, mais de humanos. Porque este noso apartamento, este noso mirarmos como o can e o gato, non é por causas doutrinales; non é por diferencias d'apreciación dos nosos problemas. E, solamente, pol-a falta de sociabilidade. Por este noso carácter rabiosamente individualista. Pol-o espírito de tribu que levamos dentro.

Non sabemos vivir n-un réxime de liberdade, n-un réxime verdadeiramente civil, donde os homes dependeren a selo con toda dinidade. Esta é a causa de que nunca seipamos de certo o pensamento us d'outros, aínda naquelo de que falamos sempre, e nos miremos con recelo. Así, ou nos alulamos ou nos aborrecemos. Para nós non hai distancias medias, non hai matices, non hai salvedás. Ou todo ou nada. O noso amigo é o millor dos homes para nós. Pero si deixa de ser noso amigo, anque sea por calquera tonteira, xa é o mais malo. Xa non queremos nada con él. Do home mais bón volveuse o mais desprezable. Antes non tiña un defeuto. Agora non ten unha bondá. O espírito de tribu é un semilleiro de xefes; é unha revolución de xefaturas. Por eso nosoutros temos sempre un problema de xefaturas en todol-os sitios donde queiramos facer algo. Por eso empezamos sempre por dicir: "¿E quen é Fulano?" e nunca decimos: "¿E quen son eu?" Anque non seamos nin poidamos, queremos *estar* sempre de primeiros en todo. Se non podemos estar axudando, estaremos entorpecendo. Se non podemos facendo cousas, será desfácendoas. O caso é estar de primeiros, estar de cabeza. (Emprego o verbo estar, porque estar de cabeza é unha cousa; e outra cousa é ser cabeza). Non importa que por esto se hunda todo o que queremos salvar, ou que decimos que queremos salvar. Non. Eso non nos importa; non-o vemos siquera. Non vemos mais que o noso *eu*. E si as cousas han de ser boas, será cando sallan de nós, e facéndoas como nós digamos que se han de facer. Non sendo así xa non son boas, e deixaremos de dormir, si é preciso, para que non prosperen. D'esto está chea a nosa vida. Pero eu vouvos a presentar unha mostra, entr'as moitas que se ven.

Fará agora seis ou sete anos, tratábase de compoñer un camiño que vai d'un pobo a outro, aquí moi cerca, n-este mesmo término municipal da Cruña. Os veciños d'estes pobos estaban interesados, como é natural, en que o camiño se arreglase canto antes, pois era o úneco que tiñan para se servir. Un alcalde aproveitou a ocasión que se lle puxo diante e mandou comenzal-os traballos. Apareceron un día os homes coas ferramentas e puxéronse a traballar. Todo marchaba ben. A xente do pobo empezou a falar do asunto coa alegría que vos figuraredes. Pero axiña saleu a nosa curiosidade de tribu a saber quen dera orde de facer aquilo; quen había tido tanta forza. Non era este desexo, como parecía obrigado, para saber a quen debían d'agradecer a mellora que se lles facía. Foi nada mais que por facer guerra entre eles por si o camiño iba a ser arreglado por Xan ou por Pedro. Cando se soupo que fora Xan, os de Pedro empezaron a protestar tan forte que houbo que suspender os traballos; e a pouco mais andan os fungueiros. Despois de idas e voltas, poideron comezar de novo. Pero non sin facer costar antes que os que mandaban alí non eran

os do partido A, senon os do partido B. E houbo tanta fogaxe n-esto que veciños e amigos de toda vida deixaron de se falar mentras duraron as obras. Hasta iban as sesións do Auntamento despostos ao que houbera que facer. E non coídedes que era toda xente que non sabía ler nin escribir. Non; habíais bachilleres e licenciados e doutores. Non figuraban ao fronte das pañoillas porque eso, ademais d'obrigar a dal-a cara, cousa que, como levo dito, pouco nos gusta facer, espón, de vez en cando, a algún peligro. Pero todos víamos como se movían detrás da silveira, dando as cousas o carácter e o camiño que lles conviña. Pois esto pasou na Cruña, no Auntamento da capital de Galicia, e no século en que estamos. Claro que, bachilleres ou doutores, os que fan cousas d'estas xa se crasifican a si mesmos. Pero é unha boa mostra de cómo nin o ridículo nos detén nas nosas *rueiradas*.

Pois cousas como estas hainas a montós. Teño a seguranza que todos vós recordades algunhas parecidas. Todos sabedes de moitos amigos e conocidos que aínda tratándose d'unha cousa de comenencia xeneral, e pol-o mesmo da súa, cando na poideron facer eles como lles non deixaron tampouco que a fixeran outros. Os galegos somos así. Primeiro tratamos de facer unha cousa nós, se podemos, caladiñamente, misteriosamente, porque nos coñecemos moito. A cousa que tratamos de facer sempre é c'un fin particular. Anque en certo modo se poida dicir que beneficia a todos, solo a facemos para o noso proveito. Non pode ser d'outra maneira tampouco. N-un estado de disociación como o noso, cada un ten que se valer a si mesmo; non pode contar para nada co axuda dos demais. E tendo que traballal-as cousas él solo e gastar solo dos seus cartos, é moi natural que pense nada mais que no seu ben. Non quero eu dicir que estea ben isto. Non fago mais que sinalar o feito. Pero como todo o que se faga con un fin particular vai sempre, moito ou pouco, contra os intereses xenerales, aos primeiros pasos encontrámonos co veciño que se nos pon diante disposto a non deixarnos pasar. E ¿qué sucede, entón? Sucede que en vez de chegarmos us a outros e falar como homes e entendernos como veciños, mirámonos de reollo, e vamos por atallos e carreiros sin dicir nada a ninguén, caladiñamente, a ver si podemos chegar antes que o outro e collel-a lebre dormida. Isto é moi noso, moi galego.

E aquí mesmo, n-estos pasados días sucedeu algo que tamén afirma canto levo dito. Con motivo da morte do noso pai D. Manuel, un periódico que ten todas as miñas simpatías, propuxo, para honral-a sua memoria, que os Aumontamentos, e as Diputación, e as Sociedades de cultura de Galicia se suscribieran con unha cantidá, cada mes ou cada ano, para dar de premio a mellor obra escrita en galego, e constituir, d'este xeito, a Institución Murguía-Rosalía. Caen moi ben a idea. Os demais xornales de Galicia espallárona algúns días. Todo iba como se poidera desear e o fin requería. Entr'os xornales que se adheriron houbo un, tamén da Cruña, que o fixo d'unha maneira especial, moi dina de se ter en conta. Propoñía este periódico, despois de apraudir a idea, que se tratase de recollel-os cartos d'unha vez, para non deixal-as cousas ao tempo, que todo o desfai. Que cada entidade se suscribira co que había de dar, e que o dera d'unha vez, para ver de xuntar un capital que, sin ser moito, que moito non se precisa, dése, cos rédetos, para os premios a otorgar; quedando sempre asegurada, d'este modo, a Institución Murguía-Rosalía. E dicir: facendo as cousas co-a actividade e a enerxía que estas cousas se deben facer. Creo que era unha razón para ter en conta e para estimar. Pois non lle gustou ao xornal da iniciativa, e tan axiña que puido doullo a entender así ao colega. Resultado d'eso: que o colega se calou. E os de fora da localidade tampouco dixerón mais nada, porque ve-

ron que n-esto, como en total-as nosas cousas, andaba pol-o medio unha cuestión d'amor propio, que o veneno que mata total-as ideas xenerosas. E así quedou todo. E así está. Moito temo que para sempre. Porque estas cousas que nacen n-un momento de fondo sentimentalismo, que sinten todos os pobos nas suas crisis, senón se fan mentras duran esas correntes do sentimento que as enxendran, morren para sempre.

¿Cando saberemos sacrificar os nosos caprichos no amor as cousas de beleza? ¿Cando saberemos apartal-o persoal do colectivo? Mentras non seamos donos do noso amor propio, mentras non poidamos baixalo da altura en que o levamos; mentras sea dono de nós e se nos impoña en total-as nosas cousas, non faremos nada de proveito. O amor propio é bó, hasta certo punto, nada mais. Na maioría dos casos debemos gardalo para cousas que sean do noso particular dominio. Pero n-aquelas que sean da colectividade e que percisan, ademais, do seu aprauso para vivir, non se pode poñer, sin que peligren. ¿Ainda moitas veces convén sacrificar a razón para que non se malogren xenerosos pensamentos, canto mais tratándose do amor propio!

Está visto, pois, que non temos espírito de colectividade, que é, espírito de cooperación. Que poñemos por riba de total-as nosas cousas o noso capricho, o noso amor propio ou o noso punto de vista personal.

Esta nosa falta d'espírito de colectividade é a que fai inútiles todol-os nosos esforzos por facer grande a Galicia. Os problemas d'un pobo non se poden resolver por auciós isoladas, por auciós individuais. Os problemas d'un pobo requiren unha aución colectiva, un esforzo espiritual de cooperación. Para isto é necesario que os pobos teñan un ideal que os xunte e os faga reconecerse irmans no melloramento xeneral. Nós todo o queremos resolver individualmente. Cada un de nós trata de se arrimar a un político, e espera d'él ter todo o que percise para si e para os seus, que é o único que pensamos. E o mesmo fan os nosos pobos. Vemos que cando ven un deputado, un ministro ou exministro, aunque nunca se acordara do pobo por donde saíu, vámol-o a recibir argalleiros, e facémol-le toda a cras de festas. Agasallámoslos para ver si fan algo; para ver si alcanzan do Goberno unhas pesetas para repartirmos, como quen reparte gras de millo as galiñas. Que é o único que pode conquistar un pobo sin unha ideoloxía que o encha de nobres afás. Hastra n-esto demostramos o noso espírito de pandilla. Vamos mendigar c'un pensamento de malpocados, de miñas xoyas, un puñado de cartos que non sei a quen rebaixan mais: si a quen os recibe ou si a quen os dá. E isto, como as outras cousas que deixo dito, non-o fan solamente os pobos da montaña; esos pobos que non teñen sona nin son conocidos na xeografía política española. Isto fano pobos como Santiago, a quen algús retóricos da baldeirez chaman a Atenas de Galicia; e pobos como a Cruña, a capital de Galicia, a dona d'un porto donde comeza o camiño do grande Atlántico, novo camiño de Santiago das grandezas futuras.

N-un ambiente así ninguén se pode mover, porque todos lle salen ao paso, e lle atrancan o camiño. Non pode ser d'outra maneira tampouco. E un fenómeno de física espiritual, se pode espricarse así. Como na física corpórea os corpos quietos opoñenlle resistencia aos corpos que se moven, tamén na física do pensamento as almas quietas, as almas pasivas, fan de contrapeso insuperable as almas activas que se queren mover, que queren cambial-a vida de mellora en mellora; que queren voar ao ceo e traerños a groría a Terra. Facémol-a selección ao revés. En ves de querer igualar aos que suben, triunfando como eles, rebaxámoslos ao noso nivel. Por eso se da o caso de que cando un noso paisano chega a algo non nos alegramos, como era natural, da sua mellora. Pol o contrario, sentimos carraxe

e negámoslle toda cras de condicións para ser o que é. D'un xeito ou d'outro facemos canto poidamos porque caya. Ceibámbosll'os cas da envidia para que lle roan os pes, e quede tolleito.

Todos pensamos mal us d'outros. Cando un quer facer unha cousa, por moi nobre que sea, xa lle loatmos na cara: "Ese busca algo". ¿Como si fose un delito ou censurable buscar algo. Como si a vida non fose un eterno buscar e rebuscar. E cando decimos: "ese busca algo", poñemos n-esta frase toda a mala intención que nos ven dos celos con que rodeamos a vida social. Si é que se pode chamar vida social a esta vida de pequenos fatos que facemos. Non nos damos us a outros ese marxe de boa fe e de bon deseo que fan aos homes mais donos de si, mais nobres, mais responsabres, mais homes; porque poden desenvolverse co-a aquela liberdade que percisan total-as cousas para se producir co seu natural desarrollo.

Todos xusgamos aos demais! ninguén se xusga a si mesmo. Todos vemol-o que outros fan, pero non vemol-o que facemos nós. Negamos us a outros condicións para todo, e damosllas, en cambio, a calquera de fora que se presente. Basta que un sea veciño noso ou conocido para que nos creamos con dereito a decir: "¿F quen é Fulano?" ¿Bah bah! Si a Fulano conozo ben eu; é do meu pobo. ¿Si saberei que é que anduv: comigo na escola!" Con isto, con que conozamos a Fulano e con que anduvéramos na escola con él, xa creemos decil a maior proba da sua incapacidade. Craro que, si xusgan da do Fulano pol-a nosa, pol-a dos compañeiros que tivo, hai razón para creelo un calquera. Así, cáseque se pode decir que o galego que trunfa entr'os galegos é a pesar dos galegos. E non se diga que isto psaa solo entre personas incultas. Ben sabedes todos que suceden entr'os que pasan por mais cultos entre nós. Logo non é todo a falta de cultura. A min paréceme que moita parte está na mala educación do noso sentimento. Aquí está a causa verdadeira, a causa hai d'esta nosa mala condición. O noso individualismo rifeño, a nosa falta d'espírito de colectividade, que é falta d'espírito de pobo, céganos tanto que non nos deixa ver que canto mais prosperen os que está ao noso lado, vivindo donde nós vivimos, maiores serán as probabilidás que teñamos de mellorar. Pois así como a riqueza n-un solo vai contra da sociedade, a riqueza en moitos vai en favor de todos.

En forza de conocernos demasiado desconocémolos moito. Por eso adoitamos actitudes cáseque sempre sin xustificación. Por eso todos damos por suposto, sin sabelo, o pensamento dos demais, e procedemos en firme sobre d'este suposto, chegando moitas veces a estar frente a frente no que poidéramos ir de par. Isto vémol-o sempre que queiramos en total-as nosas custións. Non hai mais que fixarse un pouco e estar apartado, no que se poida, das faladurías do pandillaxe. Ou saber pasar por riba d'elas. O primeiro que temos en conta, o primeiro que queremos saber para aprobar ou desaprobamos unha cousa, é saber quen a fixo ou quen a vai a facer. Sin este dato non nos atrevemos a opinar, aunque no lo pidan de rodillas. Si se trata d'un amigo noso non hai para qué decir xa que a cousa e das mellores e que se lle debe dar toda crase de axudas. Pero si é d'un que non está en boas relacións con nós, ou con aqueles que están con nós, xa non podemos siquera nin oír falar d'ela. Xa, sin saber o que é, nin o que se pensa, nin o que pode sinificar, nos opoñemos resoltamente, e cos mais duros calificativos para os da iniciativa. Non deixamos pasar un día, nin unha hora, nin un momento que se nos presente, sin que deamol-a voz d'alerta entre todol-os conocidos que vexamos ou que lles poidamos pasar aviso. Sea o que sea. Aunque se trate da cousa mais boa e mais pura, abondarán as nosas marmulaciós e calunias para facela a mais mala e despreciabile. Esta é unha das nosas características de mais

bulto. E tamén a mais censuralbre, e a mais noxenta, e a mais indina. A que nos fai incapaces de toda cousa propia de homes. A que proba que non temos un espírito de vida ampria, xenerosa e libre. Ademais, fainos ser cobardes, moralmente, porque ninguén se atreve a pensar pol-a sua conta, aínda que sea n-aquelo que non debe admitir o pensamento de ninguén. Somos escravos da mesma falsedade con que pensamos enganar aos demais.

Ben sei que en calquera sitio, trátese do pobo que sea, os enemigos non se favorecen nin se axudan. Pero tamén sei, tamén sabemos que cando se trata d'unha cousa boa, de interés colectivo, de comenencia xeneral, mírana con respecto e aínda axudan no que poidan desde o seu sitio, anque non dean o seu nome. E o que non axude a facela, por que non poida sin ter que dal-a cara e yerse con quen non se quer ver, tampouco se opón nin estorba a quen queira axudar. Esta conduta entre adversarios é a que fai aos homes dinos dos maiores respetos e das mais grandes consideracións. E a maior proba tamén de que son nobres e de que proceden con boa fe en total-as cousas. Con homes así nunca se pode temer ningunha mala acción. Poñen por riba das suas diferencias e personalismos, aquilo que é deber de todos respetalo e miralo con agarimo: o da colectividade. Porque n-unha sociedade de homes con espírito colectivo, con espírito de pobo, non lle está permitido nin se lle consinte a ninguén que sacrifique os intereses dos demais aos seus intereses. Esta inversión do orde natural, este noso sacrificial-os intereses dos demais os d'un, solo se permite i-é posibre n-un réxime individualista como o noso. Porque o home individualista solo mira para si mesmo, solo pensa n-él e nos seus. O home individualista é por natureza egoista, avaro, seu. Estando él ben xa non lle preocupa nada. Para o home individualista non hai mais mundo que o cacho de terra que pisa todol-os días. Deixádelle eso e os d'él ao seu gusto, e terá todol-os problemas resoltos. Si algún día lle falades da libertade, da xusticia, da xenerosidade, etc., etc., diravos, con moita forza na voz, que él a libertade, a xusticia, a xenerosidade sintonas como o primeiro. Pero que esos sentimentos gardaos no seu corazón, "aquí dentro", dirá, dándose un puñetazo no peito. Xa lle podedes ir con que eso de gardal-as cousas no peito, non é todo o que se precisa; que as cousas hai que manifestalas, hai que dalas a luz e facerllas encarnar a vida para melloralas, para purificalas, para santificalas. ¡Qué nos importa que un home sinta a libertade, e a xenerosidade, e a xusticia, se pasa por donde se atropellan estas santas virtudes e non sal a sua defensa!

Aquí facemos todo ao revés. C'un espírito de inconscientes ou suicidas, cada un vai pol-o seu lado sin facer caso dos demais. Anque seipa que unha cousa xenerosa depende da sua axuda e agarimo, non é capaz de facer nada por ela, se ten que sacrificar, un pouco nada mais, o seu amor propio. Non temos sentido da responsabilidade moral, que é o que diferencia os homes civilizados dos que non o son. En chegando, o momento que o noso amor propio se sinta lastimado, aínda que sea en cousas que non debía aparecer, tirámos con todo e tocamos a andar por donde nos pete. Porque xa vos haberedes fixado que na vida poderan cambial-as cousas de forma ou lugar, pero non desaparecen. Así, vemos que hai personas que pasan indiferentes pol-o lado d'outras, anque as vexan n-un estado lastimoso. Pero en chegando a sua casa dantlle ténros bicos ao can, que teñen moi coidadifio, ou ao gato, que deitan con elas. Teñen cariño e teñen piedade; pero falseados, invertidos. O noso amor propio é o mesmo que a piedade d'esas personas. Non se da por ofendido cando verdadeiramente se debía dar, e, en cambio, non ben lle tocan n-un pelo, sale como o lobo ferido, cando non debía aparecer. E xa non volvemos por ali. "Eu non quero nada con *esos*", decimos. O que nos oia

falar así coidar á que nos ofenderon no mais íntimo. E non houbo nada de eso, nin se tratou de cousas que se referisen a dinidade. Non houbo mais que unha discusión sobre d'unha de tantas cousas sin importancia de todol-os días. Pero como no fatiño estamos acostumbardos a que nos dean todo por ben feito, non podemos oír unha pequena diferenciana de parecer sin que nos irrite e nos ofenda.

Nunca poiden admitir a odiosa e incivil tiranía de que solo os do meu bando son os bós, os cultos, os da verdade e os outros os malos, os torpes e os despreciabres. Esto é do mais bárbaro que se poida ver. Sin embargo, é unha das nosas maneiras de xusgar. O noso vivir social de pequenos fatos ten a culpa. Porque cada fato, que non se compón máis que de dous ou de tres, creése o mellor, o mais puro, o mais sabio, o mais dino. Vive e fai como si o mundo non eísistise sin él. Todo o bón que teña a vida, si ten algo, está nos dous ou tres que o compoñen. Fora d'eles, os demais... ¡psch!... si...; algo algo se lles pode conceder. Pero moi pouco. Isto é o que nos fai tan insocialbres, tan intransixentes, tan duros. Porque os fatos son moitos. E como cada un cree ter total-as virtudes, por forza teñen que se mirar us a outros de reollo.

As opinións no fato non poden eísistir. No fato opínase en bloque. O que diga o cabecilla dino os demais. O cabecilla di que Fulano ten talento, que Zutano é un calquera, e que Mengano mereee que non se lle mire para a cara. Estas ideas no xefe do fato recólleas cada un dos que o forman, e repíteas sempre que se trate das personas a quen o xefe crasificou. E canto mais crean os da pandilla nas cousas do xefe, anque sean os maores disparates e caia en moitas contradicións, mellores amigos son e mais talento teñen. Está tan viciada d'esto a nosa vida social, que cando un sinte a dinidade do seu pensamento e se permite opinar pol-a sua conta, xa o miramos con estrañeza. Xa lle poñemos un xesto de disgusto, e na primeira ocasión dirémolle os demais, para que o seipa él. N-estas condicións non lle queda a un mais remedio que andar solo, ou renunciar as facultades que nos dou a Naturaleza. Hai que ser incondicional en todo; aínda n-aquelo que para xusgalo precisa cada un dos seus órganos. Ou esto, ou ser enemigos. Non andamos con partes. Non-os detemos a pensar que dentro d'unha ideoloxía, anque se estea d'acordo no fondo, hai moitos matices que a embelecen, e que non poden ser notados senón por diferencias d'apreciación e de sensibilidade. E que estas diferencias d'apreciación solo pode habelas entre homes, cando o pensamento é libre. Falei de ideoloxía e non debín falar aquí. Nos non temos ideoloxía. As pandillas non teñen ideal. Se houbese ideoloxía entre nós non poderían suceder estas cousas de que falo. Ninguén trata de unir o seu pensamento e a sua forza a d'outros para erguernos d'este abafamento que nos cubre. Sin embargo, non é concebible que donde todos se queixan d'un mesmo mal, deixe de haber coincidencia de pareceres. O que pasa é que ninguén quer ceder un pouco do seu interés personal en ben de todos.

Temos que facer espírito de colectividade que é espírito de convivencia. Temos que ser mais socialbres, mais humanos, mais homes. Temos que abrir o noso pensamento a total-as xenerosidades. Temos que ter fe us n-outros, pois si os homes non temos fe us n-outros caemos na tiranía, no odio e na escravitud.

Cavémol-o noso suco cos nosos brazos, incrinada a frente. Cavemos fondo hasta sentir o roce suave e o olor fecundo da terra virxen os nosos pes. Votemos alí a semilla do novo fruto. Votémola con amor, con todo o noso amor, para que o fruto sea tamén de amor. Este é un traballo de almas delicadas, d'espiritos rebuscadores do secreto pracer das cousas íntimas que enchen a vida de novas be-

lezas e o corazón de nobres esperanzas. Reconozámonos todos us na grande obra. Será o primeiro lazo que nos xunte. Démonos a mau todol-os que sintamos este santo desexo purificador da vida da nosa amada Terra. Sin odios, sin malquerencias para ninguén. Ha de ser obra de agrupación, non de separación. Obra de agrupación requer amplitudes xenerosas e tolerancias fecundas. O maor enemigo é o escrusivismo. Pensemós en Galicia, a terra dos nosos amores. Reconozámonos todos irmans diante d'ela, e por ela e para ela xuntemol-os corazóns.

* * *

O 6 dos correntes deu a sexta conferencia o noso querido irmán D. Leandro Carré Alvarellos. Falou de "A moderna orientación do teatro galego". O mesmo que as demais, a conferencia de Carré publicarémol-a no número que vén.

Gran campaña agrario-nacionalista

Grandes actos de propaganda

EN CECEBRE

O día 1.º do corrente celebróuse en Cecebre (Cambre) un gran mitin de afirmación agrario-nacionalista. no salón da "Sociedad Recreativa e Instructiva da Xuventud de Cecebre", organizadora de dito acto.

Fixo a presentación dos oradores un membro d-aquela Direutiva, quen en frases cheias d-entusiasmo, pregóu que s-escoitara con agarimo e atención aos propagandistas cruñeses.

Seguíronno os irmans Peña Novo e Lugrís Freire e o noso querido amigo Martín Martínez, que pronunciaron fermosos discursos dos que non damos conta pol-a falta d-espacio. Ao final dos mesmos a numerosa concurrencia que asistía ao mitin premiou con grandes aplausos a labor patriótica feita pol-os oradores.

Ao rematal-o mitin, todol-os excursionistas que da Cruña tiñan ido, foron obsequiados con un lunch pol-os membros da Direutiva, que tanto pol-a organización e eisito do auto, como pol-as atencións prestadas aos nosos irmans, son merecentes do noso mais fondo e patriótico agradecimento.

Proximamente celebraremos outras conferencias en aquel local social para axudar á obra de cultura que se impuxeron os creadores d-aquel gran centro d-enxebrismo, feito con o sacrificio constante dos veciños d-aqueles lugares emigrados a terras americanas.

EN MALPICA DE BERGANTIÑOS

Seguindo a valente campaña de propaganda iniciada por esta Irmandade, o domingo 15 do corrente celebrouse en Malpica, ás ez da mañán, un gran mitin no que tomaron parte os nosos irmans Rodríguez Sabio, Peña Novo e Martín Martínez.

Asistiron ao mitin mais de mil personas, que aplaudiron frenéticamente os discursos pronunciados pol-os oradores, que fixeron xermolar n-aquel pobo morto unhos momentos de inqueda, que tradúxose na organización social d-un gran núcleo de cidadans, dispostos a rematar co caciquismo que tan esquencido ten a aquel rico pobo, merecente de que os poderes públicos atenderan as súas necesidades, para que a súa riqueza pesqueira, non sexa desbaratada, pol-o esquencemento de quen ten a outra misión d-empregar en obras públicas os tributos que pagan os cidadans.

Entre a numerosa concurrencia lebrámonos de ter visto aos significados veciños e loitadores Sres. Ignacio Varela, Boedo, Ameixeiras, Rois, Suárez, Alfeiran, Cousillas e Morales.

O miércoles día 18, dará unha conferencia, no local social dos mariñeiros, o noso irmán Rodríguez Sabio, atentamente invitado pol-os significados veciños que compoñen aquela sociedade.

EN CARBALLO

As catro da tarde do mesmo día 15, celebrouse outro mitin na praza pública de Carballo, ao que asistiron moitos centos de persoas, que cheias d-entusiasmo, habían acudido de Sofán, Coristanco e outras parroquias acompañadas d-unha banda de música, que recorreu as ruas de Carballo tocando fermosas muiñeiras.

Fixeron uso da palabra os señores Peña Novo e Martín, que pronunciaron grandes discursos, entusiastamente apraudidos pol-os numerosos asistentes a este gran comicio.

Asistiron ao mitin ademais das numerosas comisións de Sociedades Agrarias d-aquel distrito o valente loitador e médico de Coristanco Ricardo García Piñeiro e o abogado de Carballo e significado defensor dos agrarios señor Peinador.

Ao comenzo e remate do mitin foron disparadas numerosas bombas de palenque e apraudidos os propagandistas da Cruña, que veñen facendo unha gran labor patriótica por aquelas terras.

EN PAYOSACO

As sete da tarde do domingo, fíxose un gran mitin en Payosaco, organizado pol-as Sociedades agrarias de Larcha, que dando mostra d-un gran entusiasmo, habían reconcentrado total-as suas forzas para este gran acto. Tomaron parte no mitin os señores Martín e Peña Novo.

Nos seus discursos, que foron unhas alardes de oratoria, aconsellaron a unión de todol-os agrarios e animáronnos para que na loita que s-aveciña, loiten co corazón posto ao servizo da causa de liberdade de Galicia, que é o nome glorioso, que debe xuntar a todol-os galegos, para esta gran cruzada de redención da Patria galega.

A numerosa concurrencia, que súbía de tres mil personas, premiou con grandes aprausos e vivas entusiastas, os discursos pronunciados pol-os nosos irmans.

Entre os asistentes, vimos a os curas Sres. Sueiro, Areosa, aos presidentes e direutivos das Sociedades de Larcha, Payosaco, Montemayor, Vilaño, Golmar, Lendo, Cabo Vilaño, Soandres e Erboedo e aos significados veciños Cambón, Suárez Moreno, Pose e García.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Dous éxitos grandes, decisivos, acaba de conquistar esta notabilísima agrupación que patrocina a "Irmandade da Fala" da Cruña e que tanto e tan ben traballa pol-a exaltación e milloramento do teatro galego. Foron eles as representacións verificadas no teatro Rosalía Castro os días 12 e 13 dos correntes, nas que representou o drama grandioso de Lugrís Freire "A Ponte" e dou a conecer unha nova obra de Leandro Carré "O pecado alleo", drama de ambiente señorial en tres actos.

"A PONTE"

O xoves 12 as sete da tarde e ás dez da noite representou o fermoso e intenso drama de Lugrís, noso querido

irmán. Asistiu ás representacións un público non moi numeroso pero si moi escollido e culto.

A obra gustou como sempre e o público compenetrouse dende o primeiro momento con ela, apraudindo con entusiasmo algunhas das súas escenas e tributando ao final de todos os actos calurosas ovacións ao autor e aos intérpretes, que demostraron unha vez máis os seus méritos e os seus entusiasmos.

A obra foi representada con verdadeira propiedade e interpretada d'unha maneira francamente formidabile. Mais que aficionados parecían actores feitos e dereitos.

Esta nosa impresión confirmouna o público facendo orguer o pano varias veces entre grandes ovacións e moita xente que ao final da obra desfilou pol-o escenario para felicitar entusiásticamente ao autor, que saíu varias veces ao palco escénico insistentemente chamado pol-a concurrencia, e aos intérpretes.

Foron éstos, Consuelo Varela, no papel de Anxela, que fixo como unha verdadeira actriz, causando no público unha enorme admiración. As diferentes e difíciles situacións do seu papel tiveron n'ela unha interpretación verdadeiramente formidabile, Rosa Martínez, que fixo unha señora Sabela insuperable con unha gran comprensión do papel que fixo reír moitas veces; os nenos Leandriño Carré e Fernandiña Esparza nos papés de Toniño e Xilo, que colleitaron grandes ovacións ao final de cada palramento, e Fernando Blanco no papel de Pedro; Antón Alvarez, no do Vinculeiro, e Víctor Casas no de Antón, deron aos seus respectivos papés unha interpretación esmeradísima que valeulles moitos aprausos. Todos eles formaban un conxunto francamente admirabile non visto endexamais en ningunha agrupación de aficionados.

O público saliu moi satisfeito das representacións e loubando con entusiasmo á obra e aos intelixentes actores.

"O PECADO ALLEO"

O viernes 13 tamén ás mesmas horas estrenou o fermoso drama en tres actos "O pecado alleo", do que é autor o noso querido irmán Leandro Carré Alvarelos. "O pecado alleo" é unha obra fina, de corte elegante que se desenrola n'un ambiente señorial e delicado. Está baseada n'un argumento interesante e suxestivo con escenas fermosísimas, admirablemente dialogada e escrita n'un galego puro, doce e ben coidado que demostrou o coñecemento que tén Carré da nosa lingua e que a veces parecía feita por un poeta pol-a fermosura do idioma que sonaba nos ouvidos como algo delicadísimo e musical.

Foi, francamente, unha gran revelación do talento de Carré e do coñecemento que tén da trama teatral que o coloca como un dramaturgo de primeira forza na literatura teatral galega. "O pecado alleo" ven a ocupar por dereito propio un posto de honor na primeira fila do repertorio galego. É do mellor que temos no noso teatro. Así o recoñeceu o público que asistiu ao estreno e a prensa da Cruña. Non hai na obra ningunha escena que careza de intrínseco e non se vén n'ela as escenas e cousas de dubidoso gusto que se atopan na maioría das obras galegas. Fundamentalmente ledos pol-o estreno de "O pecado alleo", que ven a enriquecer e modernizar o noso teatro cada día máis extenso e escollido, felicitamos cordialmente ao irmán Carré de quen agardamos moito bó para a nosa literatura dramática.

A obra foi representada con todo luxo e coidando perfectamente todos os detalles. No primeiro e terceiro actos representouse co'as fermosas decoracións pintadas por Camilo Díaz para "A man de Santiña" e para o segundo pintou o mesmo Carré un patio do pazo señorial, en que se desenrola a obra, que é unha preciosidade de ben feita.

Carré, ademais de dramaturgo é un gran escenógrafo. A presentación da obra, o mesmo pol-o decorado e pol-o vestuario que pol-a elegante presenza das escenas, merecete grandes gabanzas.

A interpretación non puido ser millor. Merecen especial mención Consuelo Varela no papel de María Luisa, e Federico Zamora no do seu abó D. Eduardo. Todo canto se diga da súa labor parécenos pouco. Digamos somentes que actores consumados non o farían millor. Rosa Martínez, no papel de Ramona, criada da casa, fixo unha creación, e admirabile en todo Carmen Muñoz no de Mercedes. Manuel Lemus, estupendo no simpático e gracioso papel de Muiños; Antón Alvarez, moi ben no bonito papel do médico Loureiro; Víctor Casas no de Esteban, noivo de María Luisa; Fernando Blanco, criado da casa, moi en papel, e Xesús Rodríguez, no do señor cura, moi en carácter, e Francisco Rodríguez no de D. Braulio, pai de Esteban.

Todos eles moi ben, estupendamente ben. O público apraudiu con entusiasmo, pedindo a presenza de Carré, que varias veces saíu ao escenario a recoller o premio da súa labor. Recibiu moitas felicitacións.

A LABOR DA "ESCOLA DRAMATICA GALEGA"

Merece unhas liñas a patriótica e meritísima labor que veñen realizando as fermosas señoritas e os entusiastas irmáns que a forman. Co'as veladas da "Irmandade" e con estas representacións que de vez en cando celebra fora da nosa casa está facendo unha obra merecedora dos máis calurosos eloxios e aprausos.

Estamos orgullosos de que na nosa "Irmandade" teñamos unha agrupación de tal natureza que é, sinceramente e sin fachenda o decimos, o millor que hai hoxe en Galicia. Rapazas e rapaces cultos que se adican a esa labor non por pasar o tempo senón con un alto fin patriótico que lles obriga a facer as cousas tan ben como as fan e que lles dona a gran importancia que teñen.

Un aprauso para todos e o noso entusiasta agradecemento pol-a súa patriótica labor.

Irmandade da Fala da Cruña

Cumprindo o regramento, o día 1.º dos correntes celebrou xunta xeneral a Irmandade cruñesa para eleixir novo Consello directivo. De todas as xuntas celebradas hasta agora foi seguramente ésta unha das máis importantes, o mesmo pol-a gran asistencia de irmáns que pol-o entusiasmo que reinou na reunión.

Por ausencia do irmán Viqueira, presidente da xunta cesante, presidiu a asamblea o irmán Peña Novo, vocal primeiro. O segredario, irmán Carlos Monasterio, deu lectura á memoria da labor realizada pol-a anterior xunta, que dí así:

Irmáns: Esta Directiva que remata ás súas xestións no día de hoxe, tén o honore de poñer en coñecemento voso n-unha breve síntesis os resultados da súa actuación.

Quizaves dende o ano dazaioito fose o ano derradeiro o mais activo para o nacionalismo galego; foino o ano dazaioito como refrexo do estado revolucionario provocado nos espíritos pol-as Xuntas de Defensa, pol-as eleccións que coma as próximas se decían constituintes, e pol-a vida dos catalás a Galicia; quizaves fose mais activo o ano pasado, porque se manifestaron nacionalistas todos aqueles elementos de valía que na nosa Terra existían ao marxe d-iste movemento, de tal xeito que pódese dicir sin erro que todos os actos públicos realizados en Galicia o ano derradeiro foron todos de carácter nacionalista; para nós tamén tivo especial importancia porque foi o ano primeiro da nosa vida en

que tivemos que marcar novos rumbos ao nacionalismo galego que estivo en grave perigo de se retardare en moitos anos pol-o caracter apolítico e de secta que se lle pretendía dare, despois da celebración da Asamblea de Monforte.

Por iso tamén nunca tanta actividade despregou a Irmandade nosa. No derradeiro ano e no presente celebrou procesións cívicas ao cimiterio para honrar a lembranza dos galegos ilustres, e foron as mais nutridas e fervorosas que se teñen feito en Galicia.

Durante todo o ano celebrou mítins de propaganda nacionalista en número de vinte na sprovincias da Cruña, Lugo e Pontevedra, habendo feito esta Irmandade mais actos d-esta natureza que cantos se teñen celebrado no mesmo tempo por todol-os demais elementos nacionalistas que existen na nosa terra. Entre eles merece especial lembranza o mitin de homenaxe ás vítimas de Sobredo, que foi o acto de civismo mais grande que na nosa terra se celebrou fai moitos anos, pol-o entusiasmo, pol-a inmensa asistencia e pol-as representaciós que a él viñeron.

Aparte de todos estos actos organizados por nós asistiron representantes d-esta Irmandade a cantos actos nacionalistas e galeguistas se celebraron en toda Galicia no ano derradeiro; eisi foron representantes nosos aos banquetes a Asorey, a Palacios, a Llorens, e a moitos mais artistas galegos; aos actos galeguistas celebrados en Santiago pol-o ilustre e malogrado galego Sr. Leonardo Rodríguez, e a moitos mais actos que pol-o seu número sería facer moi longa esta memoria si fóramos a detallalos todos.

A actuación nosa con ser tan intensa non quedou só reducida á nosa terra, sinón que tamén traspasou as fron-

teira, e así esta Irmandade lanzou á publicidade un manifesto dirixido a todal-as entidades nacionalistas ibéricas para facer unha gran Asamblea, cuio manifesto puxo de actualidade en toda Hespaña o noso nacionalismo, e fixo que dende todol-os recunchos se ollase con grande e garrimoso intrés a nosa labore; ise manifesto recollido por outros organismos nacionalistas ibéricos será levado á práctica con toda seguranza n-este ano, tendo nós o orgulo lexítimo de haber marcado ao nacionalismo ibérico a verdadeira orientaciós que tén de seguir para o porvir. Tamén nas Américas e Portugal seguimos facendo a labor de atracción que foi sempre norma da nosa Irmandade.

Con motivo das reformas arancelarias a nosa Irmandade fixo os traballos mais intrésantes que sobre esta materia se teñen feito, e fixo ouvir aos Gobiernos a sua voz valente e sinceira.

A NUSA TERRA, cada día avalorada con novas e prestixiosas firmas, con motivo do día de Galicia no mes de Xulio publicou un extraordinario que mereceu a gabanza de toda a prensa. Tamén n-aquel día a Irmandade fixo que a nosa bandeira ondease en casi todol-os edificios públicos da nosa capital, que se tocase música galega en todol-os sitios, e os irmáns solenizaron a festa con un banquete no que reinou o mais estusiasta patriotismo.

Veu a dar grande impulso e facilidade á nosa labor a "Gramática Galega" publicada pol-a sua conta pol-o noso ilustre e quirido irmán Sr. Manuel Lugo Freire, que coa sua gran labor ergueu un moimento á nosa santa lingua, e pol-o que se fixo merecente á inequiescente gratitu-

(Seguiráse no proisimo número.)

Fábrica de Xergóns e catres metálicos

ORZAN, 70
(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —
Ferrer e Compañía-Sucesores
F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERIA — PAPELERIA
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

A CRUNA

FARMACIA EUROPEA

— DE —
Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentós da sua cras que máis honra a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire
BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256
A CRUNA